



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación relación definitiva de aprobados, requirimento de documentación á candidata proposta e aprobación bolsa de emprego. Proceso selectivo dun/ha Técnico/a de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión no Concello de Laxe.

Núm. Admvo. Expte: 2024/E001/000008

Expte. Decreto Núm.: 2025/G003/000199

Visto o expediente que se tramita para a selección dun/ha dun/ha Técnico/a de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste Concello, a través do sistema de concurso-oposición, segundo as bases de selección que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 828/2024, de data 11/11/2024 e publicadas no BOP núm. 221, do venres 15 de novembro de 2024.

De acordo co establecido na cláusula décima das bases de selección, publicouse na sede electrónica municipal, con data do 25/02/2025, a acta do tribunal cualificador coa relación de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación obtida, con indicación da acadada en cada unha das fases de proceso selectivo, na que unicamente figura como aspirante que superou o proceso selectivo D^a Patricia Uzal Vieites, con DNI núm. ***2873**.

Visto que durante o pazo de alegacións concedido, non se presentou ningunha alegación.

Visto o establecido na cláusula décima das bases de selección *“No suposto de non existir alegacións/reclamacións, a proposta elevarase automaticamente a Alcaldía para a súa aprobación”*.

De conformidade co artigo 21.1.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local,

esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas aprobadas neste proceso selectivo:

D^a Patricia Uzal Vieites, con DNI núm. ***2873**

Puntuación total: 30 puntos

Segundo. Requirir á candidata proposta, **Patricia Uzal Vieites, con DNI núm. ***2873****, para que no prazo de cinco días hábiles a contar desde esta publicación, achegue a documentación establecida na base undécima das bases de selección, a fin de acreditar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderá ser nomeado/a



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

como funcionario/a interino/a, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación.

Terceiro. Aprobar a bolsa de emprego por orde de puntuación, que queda establecida como segue:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UZAL VIEITES, PATRICIA	***2873**	30

Cuarto. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Quinto. Dar conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que se celebre.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o Alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo. Begoña Carrasco García